



O COAG presenta **Ecoinnova Construcción**, un proxecto para contribuír ao **uso máis racional dos recursos** dentro do sector

CONSTRUCCIÓN SOSTIBLE

Co fin de contribuír á **utilización máis racional dos recursos** e á **incorporación e desenvolvemento da sostenibilidade na construción** a través da mellora das competencias profesionais, o **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)** vén de presentar, en colaboración coa **Deputación da Coruña**, o proxecto **Ecoinnova Construcción**. O proxecto, que se inclúe na iniciativa **Empleaverde 2007-2013** da **Fundación Biodiversidad**, conta co apoio financeiro do **Fondo Social Europeo** e chegará a 6.000 persoas.

Segundo apuntou o decano dos arquitectos galegos, **Celestino García Braña**, na presentación, a iniciativa pretende “**dar un cambio no rumbo do sector da construción en Galicia, un**

sector que emprega o 40% da enerxía consumida e a metade do total dos recursos xerados”. Na súa opinión, a reformulación do sector pasa por un **modelo de crecemento máis sostible onde os criterios ambientais sexan un valor engadido** de cara a unha sociedade cada vez máis sensibilizada.

Cun investimento de **292.440 euros**, Ecoinnova Construcción nace como un punto de encontro para o intercambio de opinións e coñecementos relacionados coa **ecoinnovación** e para o **desenvolvemento das tecnoloxías ambientais** co fin de **incorporar a innovación na actividade da construción en Galicia** a través da mellora de competencias postprofesionais do sector.